



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA PARA A CONTINUACIÓN DA SENDA PEONIL NA PARROQUIA DE TENORIO

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2023.

REUNIDOS

Dunha parte, **Ethel M^a Vázquez Mourelle**, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, **Jorge Cubela López**, na súa condición de alcalde do Concello de Cerdedo-Cotobade, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Con data 27/03/2020 asinouse un convenio co concello de Cerdedo Cotobade para a construción dunha senda peonil na parroquia de Tenorio. A actuación levouse a cabo de acordo co previsto, acadando os seus obxectivos de mellora da seguridade viaria peonil.

Segundo. Co presente convenio darase continuidade á anterior actuación prolongando a senda xa existente para que a totalidade da travesía ao seu paso pola parroquia de Tenorio teña as mesmas características de idoneidade para o tránsito seguro dos viandantes.

Terceiro. Entre os instrumentos de planificación que guían a actividade da Axencia está o Plan de Seguridade Viaria 2022-2025, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia de 28 de abril de 2022. O seu programa de actuación estrutúrase en retos e en accións, sendo o reto número 1 a "visión cero en usuarios vulnerables: mellora da seguridade dos peóns", e a acción 1.1, a construción de beirarrúas e sendas peonís.



Cuarto. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello de Cerdedo- Cotobade, trata de aplicar este principio de "visión cero" para usuarios vulnerables, tamén no entorno local, e se considera imprescindible vertebrar, tamén para a mobilidade sostible e activa, esta parte do territorio do concello de modo que os seus habitantes poidan moverse a pé dun xeito seguro. Cómpre sinalar que nesta travesía se sitúan os principais puntos de referencia da parroquia, como o Mosteiro de Tenorio, o centro de saúde ou o centro sociocultural, ademais de servizos para o día a día dos veciños como panadería ou establecementos de hostalaría. As obras proxectadas enlazan coa senda xa existente comezando no p.q. **1+546** e finalizarían no p.q. **2+132**.

Na marxe dereita da travesía, de dobre sentido de circulación, existen beirarrúas cun ancho variable e bastante deterioradas. Con esta actuación adaptárase o seu ancho á normativa vixente sobre accesibilidade.

A rede de saneamento, que vai baixo as beirarrúas atópase deteriorada e obstruída por raíces que producen escorrentas. Aproveitarase a demolición da beirarrúas para limpar ou cambiar, segundo as necesidades, a rede de saneamento e pluviais.

Quinto. Esta actuación xa foi programada pola Administración Autonómica e polo Parlamento de Galicia, razón pola que ten un código de proxecto específico na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes





CLÁUSULAS



PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Cerdedo-Cotobade para continuación da senda peonil na travesía que cruza a parroquia de Tenorio.

As actuacións a realizar son as seguintes:

- Demolición das beirarrúas existente, deterioradas e de dimensións variables, para establecer unha anchura continua y axeitada á normativa vixente en materia de accesibilidade.
- Mellora da iluminación actual e soterramento de parte da canalización aérea existente.
- Instalación nos pasos de peóns de iluminación horizontal e vertical para Incremento da seguridade viaria.
- Renovación da rede de saneamento e pluviais.

O orzamento de execución destas actuacións estímase en **catrocentos corenta mil euros (440.000,00)**, IVE incluído, distribuído en dúas anualidades.

SEGUNDA.- REQUISITOS

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Cerdedo-Cotobade cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio (redacción de documento técnico necesario para a execución das obras, licitación e execución das mesmas).
2. Co financiar as obras cunha achega estimada en **130.000,00€** así como asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta. A achega do concello realizarase na **anualidade 2024**.
3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.

- 
5. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
 6. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
 7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para, se o estima oportuno, enviar un representante.
 8. O concello deberá dar publicidade das obras mediante un **cartel anunciador** no que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade –Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

O anterior cartel de obras complementarase con outro situado ao seu carón coa única mensaxe "Xunta de Galicia", de acordo co seguinte deseño:





CUARTA.- COMPROMISOS DA AXI

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar a actuación, destinando para iso ata un máximo de **trescentos dez mil euros (310.000,00€)** con cargo a partida orzamentaria 09.A1.512B.760.0, código de proxecto 2020-00006 dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2023.

QUINTA.- FINANCIAMENTO

As obras, cuxo orzamento de execución estímase en **catrocentos corenta mil euros (440.000,00€)**, IVE incluído, serán financiadas pola AXI e polo Concello de Cerdedo-Cotobade coa seguinte distribución de anualidades e porcentaxes:

Entidade	Anualidade	Importe	Porcentaxe
Axencia Galega de Infraestruturas	2023	310.000,00€	70,45%
Concello Cerdedo-Cotobade	2024	130.000,00€	29,55%

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.





O Concello de Cerdedo-Cotobade **xustificará a subvención** mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Certificación da intervención** ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- **Certificación expedida pola secretaría** da entidade local, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- **Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias**, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- **Declaración responsable** da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- **Mostra fotográfica dos carteis da publicidade** da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio, así como das obras realizadas.

Serán subvencionables os gastos realizados durante o ano 2023. A anualidade 2024 correrá de conta do concello na súa totalidade e deberá xustificar ante a AXI o investimento realizado. A data límite para a xustificación destes gastos é o 10 de decembro de cada ano.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada.



De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Cerdedo-Cotobade, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SÉTIMA.- SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituírase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Cerdedo-Cotobade.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

OITAVA. - NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de aplicación.

NOVENA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.



DÉCIMA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas na cláusula terceira deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024 e financiará os gastos realizados no ano 2023 nas condicións establecidas na cláusula sexta.

E para que así conste e en proba de conformidade asinan o presente documento

A presidenta da Axencia Galega de

Infraestruturas

Ethel Mª Vázquez Mourelle

O alcalde de Cerdedo-Cotobade

Jorge Cubela López

